

Bos días a todos e todas!

Que tal estades? Como ides levando esta situación? Esta semana xa ides poder saír á rúa, iso seguro que vos axuda moito. Esperemos que o resto axiña sigamos os vossos pasos!

Deseguido, tedes as actividades que vos propono para esta semana. Son moi doadas.

Ide facendo os exercicios amodo e sen abafarvos, creando rutinas de traballo que vos axudarán a pasar mellor estes días tan longos na casa.

Mantede o ánimo alto, xa queda menos 😊

### **Material de traballo**

#### **MATERIAIS DE TRABALLO**

Adica 15 minutos diarios á lectura dun libro en lingua galega que teñas na casa.

Cada ano, o **día 23 de abril conmemoramos o Día do Libro en todo o mundo**. Por iso, para esta semana propoñovos dúas actividades relacionadas co mundo editorial:

1. Desfrutade vendo estes dous vídeos:

-Por que celebramos o Día do Libro o 23 de abril?

<https://www.youtube.com/watch?v=rny3--0bKKI>

-Lembrade que un libro cobra vida sempre que alguén o le

<https://www.youtube.com/watch?v=dwh7Z2cRxYk>

2. Gravade un vídeo onde faledes do último libro que lestes e enviádemo ao meu correo electrónico: [anacolexiosanfernandosecundaria@gmail.com](mailto:anacolexiosanfernandosecundaria@gmail.com).

Lembrade seguir estes pasos:

1. Presentade o libro (título, autor, tradutor, editorial e ano).
2. Falade brevemente do argumento y dádeme a vosa opinión persoal sobre el, explicando por que vos gustou ou non.